

MEMORIA DE LINGUA ESTRANXEIRA

EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2022-2023

| MESTRAS ESPECIALISTAS | NIVEL | CURSO |
|-----------------------|------------|------------|
| Genoveva Romero Crego | 1º 2º e 3º | A e B |
| Carmen Barro Sueiras | 4º 5º e 6º | A ,B e 6ºC |

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

En 1º e 2º de EP impartimos toda a programación, aínda que non todo o a fondo que nos gustaría. En 3º, xa dende o primeiro trimestre, collemos atraso e acadamos algo máis do 80 por cento impartido.

3º de Primaria son dous grupos moi numerosos, e especialmente un deles moi difícil de levar. Hai unha cantidade importante de nenos que polas súas características teñen actitudes disruptivas. Entre eles non se levan ben e sempre hai conflitos. Hai nenos con NEAE. Temos unha ACS.

Podemos dicir que a programación foi impartida ao 100% en 4º primaria en un 90% en 5º e 6º. En quinto hai grandes problemas debido ao elevado número de estudantes en cada aula (25 alumnos/as en A e 24 alumnos/as en B). Este curso académico foi posible de novo dividir a aula unha sesión á semana para a práctica oral, pero aínda así é moi difícil dar a materia en profundidade. Ademais estamos a falar de grupos máis complexos debido á súa heteroxeneidade, e á gran diferenza de nivel non só lingüístico senón tamén a nivel de intereses á hora de traballar os centros de interese. Atopamos na mesma aula alumnado bilingüe, altas capacidades, ACIs e tamén alumnado ao que se lle adaptan as programacións para que consigan acadar os obxectivos mínimos. Isto fai que, sen apoios na aula de inglés, cando a clase está posta a andar xa pasou moito tempo e hai que ter en conta que son tres clases á semana de 55'. Por outra parte atopámonos con que cada vez que se quere



cambiar de actividade a dispersión e o ruído fan que todo se volva moi complicado. Facendo unha análise xeral dos cursos de 5º podemos dicir que o tempo aproveitase pouco e a calidade do ensino-aprendizaxe baixa creando desánimo.

En sexto o número de alumnado é máis reducido e polo tanto o ambiente de traballo é moito máis aproveitable, pero dous temas foron dados superficialmente debido ao retraso acumulado do curso 21-22. Traballamos tamén investigando e en grupos algún tema. Isto da moi bos resultados e enriquece a maneira de traballar pero fai que a aprendizaxe sexa moito máis lenta.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

Continuamos sen utilizar libros de texto en ningún dos cursos.

5º e 6º continúan co proxecto E-DIXGAL.

Traballouse a través de centros de interese bastante atractivos utilizando vídeos con cancións, historias ... e elaborando material propio por parte dos nenos como "minibooks", "lapbooks" e fichas sobre os temas traballados.

As aulas virtuais dos distintos niveis educativos permaneceron actualizadas en todo momento para facilitar a continuidade na educación para os casos de alumnos en corentena.

En 4to os test escritos que se fixeron foron practicamente de resposta pechada e aínda así necesitaron bastante axuda, pero hai que destacar que fixemos un curso moito máis activo en canto á expresión oral, dando bos resultados. Isto lévame a pensar que serán cursos máis participativos na expresión oral.

En quinto, coa aparición da LOM-LOE baseámonos máis na investigación e na dedución, máis que na clase maxistral e penso que os coñecementos non están ben asentados en canto á asimilación do funcionamento da LE, pero tamén hai que dicir que houbo resultados sorprendentes, en canto ao manexo de material para investigación e autoprodución, dando lugar a traballos ben interesantes en alumnado que non estaba acostumado a traballar desta maneira.



C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

Este curso o número de nenos enfermos por diversos virus foi dificultando o normal desenvolvemento da programación. Sobre todo en 3º de primaria, as faltas por enfermidade dos nenos e nenas foi moi frecuente. Iso foi retrasando o desenvolvemento da programación con normalidade.

Así mesmo volvemos a resaltar a precariedade nas tecnoloxías dos cursos baixos en xeral, tendo avarías frecuentes en ordenadores ou proxectores ou equipos obsoletos e lentos que dificultan ou retardan o desenvolvemento das clases.

Nesta última semana de curso instaláronse novas pantallas que agardamos que solucionen estes problemas que arrastramos dende hai anos.

D) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

A fin de poder impartir a programación didáctica nas mellores condicións posibles necesitamos **unha aula** para poder levar adiante a parte audiovisual, fundamental e moi motivadora para o alumnado e tamén ordenadores actualizados.

Ademais sería importante ter profesorado de apoio nas aulas, porque o alumnado con máis dificultades, vese moi prexudicado na materia de LI, ao ter moi poucas sesións á semana e tamén porque necesitan unha aprendizaxe moito máis personalizada que non é posible cun só profesor ou profesora na aula.

E) Avaliación da práctica docente.

A avaliación da práctica docente neste curso foi satisfactoria a pesar dos problemas que atopamos sempre relacionados coa ratio elevada, a falta de apoios e o alto número de alumnos con NEAE.

Houbo moitas dificultades para levar adiante a programación en aulas onde a diversidade era moi difícil de atender e seguirá sendo difícil mentres non haxa profesorado de apoio.

Neste curso foi posible facer desdobres tan só en 5º de EP, resultando sempre moi positivas esas clases. Por iso, sería moi importante incrementar o profesorado para que estes desdobres sexan posibles en todos os cursos de Primaria. Sería tamén ilusionante poder traballar a parte oral a través de pequenas obras de teatro que teñan como resultado final unha representación para outros cursos, dado o interese que mostra o alumnado por este tipo de actividades.



F) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

O inglés estivo presente en actividades realizadas no colexio ó longo do curso como Samaín, Nadal, Pascua...

A maiores este ano, por primeira vez, tivemos unha representación teatral en inglés a cargo do concello na Casa da Cultura e que esperamos que se normalice nos cursos vindeiros.

G) Principais conclusións.

O desenvolvemento da programación foi bastante completo aínda que todos os contidos foron traballados máis superficialmente do que nos gustaría por motivos de ratios altas e falta de apoios.

Atopamos moitas dificultades á hora de atender á diversidade. Necesitaríanse apoios ou desdobres para levar adiante os obxectivos orais en todos os cursos.

Ademais en todos os cursos seguirase dando prioridade á competencia comunicativa, xa que unha gran maioría de nenos non emprega nin respecta as convencións propias do proceso de comunicación, como son: escoitar con atención e interese e respectar as quendas de palabra -necesarias para adquirir as destrezas na nova lingua.

Tamén é importante seguir traballando a competencia para "aprender a aprender" e a competencia "autonomía e iniciativa persoal" para que os nenos podan traballar de forma individual e autónoma coa información dispoñible, ademais de saber traballar en equipo de forma cooperativa e con responsabilidade.

En Valdoviño, a 28 de xuño de 2023.